

FARO DA CULTURA

nº 167 • Xoves, 25 de maio de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena

N.Y. Rock

Hai un par de anos, a cidade de Nova York recobrou todo o seu esplendor de capital rockeira grazas a grupos como Interpol ou The Strokes. Todo aquilo xa queda un pouco lonxe. Eses grupos están metidos de cheo na maquinaria da industria discográfica multinacional e os ollos da prensa que se adica a buscar a nova revolución musical xa están de caza por outros lares. Pero o mellor daquela xeración veu dende o barrio de Brooklyn. De alí saíron TV On The Radio, Yeah Yeah Yeahs e Liars, as tres bandas menos compracentes daquela escea, que optaron por facer música asumindo riscos e que conseguiron gañar un espazo comercial. Hoxe seguen aportando cousas coa súa interpretación do rock como un xénero musical convulso.

Este ano, Liars sacudiron o panorama de novidades musicais con *Drum 's Not Dead*, o seu terceiro álbum. O grupo de Angus Andrew, Aaron Hemphill e Julian Gross, elaborou un disco conceptual no que enfrontan a dous personaxes, Drum e Mr. Heart Attack, que simbolizan a loita entre a creatividade e a inseguridade. É un traballo fóra de estilos ou de calquera clasificación, con partes ambientais, ritmos tribais e momentos de tensión sónica propia da música industrial. Nel volven retratar o medo a través de sons, como fixeron no seu traballo anterior, *They Were Wrong, So We Drowned*. O disco inclúe un DVD con interpretacións visuais da música: un esforzo co que marcan o terreo, reafirmando na idea de que eles conforman a estridencia e mais a visceralidade dos grupos de Brooklyn. Digo "eran" porque o trío decidiu trasladarse a Berlín o ano pasado. Non hai dúbida de que a capital alemá, a cidade onde naceron Einsturzende Neubauten, un dos seus grupos favoritos, é un territorio no que sempre hai unha boa acollida para unha música tan física como a do trío de Nova York.

Tamén se moven por esa mesma parte física do rock Yeah Yeah Yeahs, un conxunto que seduciou tanto a prensa musical como as

revistas de moda. Os tres piares onde alicerzan son a visceralidade punk da súa vocalista Karen O, as guitarras imaxinativas e obscuras de Nick Zinner, e a crudeza rítmica do batería Brian Chase. Os Yeah entenden o rock como unha expresión de rabia, de cor e salvaxismo. Polo camiño atopan as raíces do pop escuro dos anos 80, de grupos como Bauhaus ou The Cure e a suor da música rock de garaxe. Yeah Yeah Yeahs vñen de publicar o segundo disco: *Show Your Bones*. Nel afrouxan un pouco con respecto ao seu álbum anterior, *Fever To Tell*, e xogan con sonoridades acústicas aínda que sen perder a explosividade característica. É certo que neste traballo non se alonxan moito das súas orixes, pero si deixan ver un ton melancólico que non tiñan antes, tanto nas letras surrealistas como no son. Parece que é o reflexo das crises persoais que provocou o éxito comercial na relación de tres amigos e compañeiros de universidade que un día decidiron montar un grupo. O directo é o seu espazo natural; os concertos teñen sona pola componente sexual dunha posta en escea singular e mais pola hiperactividade de Karen O.

Axitadores entre os rañaceos


CARLOS GONZÁLEZ

Entre tanto estopupido, TV On The Radio representan a paixón e a conciencia social. O grupo de Tunde Adebimpe, Kip Malone e David Andrew Sitek é un encontro único entre a música negra e xéneros tipicamente brancos. O seu son tan conseguido, que salfire emoción e que ten un aire solemne moi do soul e do gospel, é obra de Sitek, produtor de Yeah Yeah Yeahs que agora está traballando con Massive Attack. David Bowie converteuse no seguidor máis entusiasta de TV On The Radio. El foi quen os animou a pendurar en Internet a canción "Dry Drunk emperor", un exabrupto no que critican a xestión de George W. Bush trala catástrofe do furacán "Katrina." Bowie tamén pon voces en "Providence", unha das cancións do vindeiro álbum do grupo, *Return Of The Cookies Monster*. O novo disco supón unha banda sonora ideal, chea de sensibilidade e sarcasmo, para os tempos revoltos que vive o mundo. Ponse á venda o próximo 4 de xullo.

* FESTIVAL DE CANS: ENTREVISTA CON ALFONSO PATO / Páx. III

* MANUEL E URBANO: HERDANZAS DE LUGRÍS / Páx. VI

* LÍDER "MOZ": ESENCIAS DE MORRISEY / Páx. VIII



JAGS



O director de cine Eloy de la Iglesia (1944-2006) á beira dos carteis dalgúns dos seus filmes.

Sen dúbida, a recente morte de Eloy de la Iglesia vén de motivar un enorme baleiro na gran pantalla española, pois con el vaise unha forma de entender o cine, de filmar dende perspectivas singulares. De certo, as circunstancias que rodean a morte de de la Iglesia son un pouco estrañas, pois morreu mentres o operaban: talmente unha chiscadela macabra do destino, pois o traballo do noso autor tamén foi considerado mesmo mortuorio no seu tempo, e tan só o paso dos anos e mais a procura de novos valores nas súas películas lle valeron o pleno recoñecemento da súa traxectoria.

Eloy de la Iglesia naceu en Zarauz, en 1944, e estudou Filosofía e Letras en Madrid. A súa chegada o mundo do celuloide pro-

Querejeta

Para que directores da talla de Eloy de la Iglesia existan, son necesarios produtores como Elías Querejeta, un dos máis activos do cinema español. Xentes como Fernando León, Víctor Erice, Carlos Saura... tiveron a sorte de atoparse con Querejeta para poder rematar os seus traballos. A liña mestra que enxerxa a produtora de Querejeta é a de películas minoritarias, de denuncia dos diferentes eidos da vida; moitos dos seus esforzos dos últimos anos foron por impulsar de novo o mercado do documental. Elías Querejeta naceu en 1935, en Hernani (Euskadi), e durante os seus estudos de Dereito chegou a fichar pola Real Sociedade, pero o gusto polo cinema foi máis forte que as súas cualidades coma futbolista. Nos 1960-1961 escribe e dirixe, co seu compañeiro e amigo Antonio Eceiza, dous documentais: *A través de San Sebastián* e *A través do fútbol*. Despois de estar traballando para a produtora vinculada ao Opus Dei, "Procusa", funda en 1963 a súa propia empresa: "Elías Querejeta P.C." Sempre rodeado dun excelente equipo de profesionais -Pablo G. del Amo, un dos mellores montadores do cine español, o director de Fotografía Luis Cuadrado...- vén ser exemplo de servizo ao cine. Moitos premios internacionais e nacionais avalan a traxectoria deste arriscado produtor. Gran parte da historia do noso cine sería, daquela, incomprendible sen a presenza de Elías Querejeta, quen sempre apostou por películas de marcado tinte intimista e de ton social.

Cinema necesario

ducíuse a través do teatro; en 1966 dirixía o seu primeiro traballo, *Fantasia...3*, unha produción para nenos. Pero será coa seguinte entrega, *Algo amargo na boca*, cando tome contacto co eido do melodrama, xénero característico de toda a súa carreira. *Algo amargo...* é unha película feita con moi poucos medios -rodada case exclusivamente nun só decorado-; a exhibición do flim acarreeu numerosos problemas coa censura franquista. O erotismo que impregna a fita sería tamen unha característica que ía impregnar a maioría dos traballos de de la Iglesia. Con *A semana do asasino* foi quen de abraiar a propios e a alleos desde a historia dun individuo normal e corrente que, de súpeto, ve arruinada todo o seu mundo por mor da violencia; sen decatarse, destrúe aquilo que máis quere, entrando unha espiral de terror que non é quen de parar.

O éxito chegoulle a de la Iglesia con *O pico*, en 1983, onde coa súa tosquedad habitual, e cun naturalismo claro en cada plano, conta a decadente e violenta historia dun rapaz que mira coma o seu

mundo se derruba pola adición á heroína. O noso director combina moi sabiamente os temas da droga, do sexo, do terrorismo e da política dentro dun drama que respira intensidade en cada escena. Axudado na elaboración do guión por Gonzalo Goicoechea, a acollida por parte do público foi tan boa que el e mais a produtora deciden apostar por facer unha segunda parte, pero agora trasladando a acción a Madrid. O feito de facer unha secuela non era moi habitual na industria española, e de feito non tivo moi boa acollida.

Considerado por moitos o cineasta dos esquecidos, -pois as súas personaxes sempre están vinculadas ao mundo da marxinalidade, das drogas, da corrupción, da delincuencia...; temáticas que moitas veces se viron recompensadas co favor do público- no seu haber conta con títulos tan notables como *Navalleiros* ou *Colegas*. Non obstante, no transcorrer dos anos houbo tamén grandes fracasos comerciais como *Otra volta de porca*, fallida adaptación da novela homonima de Henry James, acaso un dos peores traballos que filmou.

Apartado durante 15 anos de detrás das cámaras, de la Iglesia volveu no ano 2002 para entregarnos *Os mozos búlgaros*, unha produción que pasou sen pena nin gloria polas nosas carteleiras.

Realmente, de la Iglesia foi un creador que sempre viviu rodeado da polémica na súa relación coa industria e cos produtores. Todos os seus traballos reúnen as condicións da temática social e da denuncia contra o poder establecido; debemos recoñecer que os seus films sofren diferentes niveis de calidade, pois foi capaz de facer o mellor e mais o peor. Mais de la Iglesia foi tamén sempre constante na forma de entender o cine, por iso tiña, para min, o cartel de "necesario": "necesario" no sentido de que sempre é bo para todos que haxa algún director disposto a mergullar nos submundos da nosa sociedade, para rescatar aquilo que non nos gusta ver, aquilo que queremos esquecer, pechar nun cuarto e logo tirar a chave. E xustamente por esa condición de necesario, coido que imos ser moitos os que botaremos sempre en falta os traballos de Eloy de la Iglesia.

No adeus a
Eloy de la
Iglesia

FRAN F. JALDA

ENTREVISTA

Pódese dicir que esta terceira edición é a da consolidación do Festival de Cans. Pero, mirando cara atrás, que balance fai do percorrido, feito ata o de agora?

-Houbo unha evolución en dúas direccións. Unha, de crecemento do propio festival; e outra, un pouco misioneira, de dar a coñecer as curtametraxes galegas non só á xente que viña, senón aos propios veciños. Porque, ao principio, isto soáballe un tanto a "cousa marciana", e, máis que nada, deixábanche a casa porque te coñecían, con aquela frase de "con tal de que non rompas nada..." A partir de aí, nestes tres anos o festival foi medrando, sobre todo mediaticamente, pero tamén cuantitativa e cualitativamente, xa que se reforzaron moito as actuacións paralelas.

- Como novidade, presentan unha longametraxe, "Por mi y por todos mis compañeros", de Judas Diz. Por que decidiron incluíla no festival?

-Creo que vai abrir unha nova vía dentro do cinema galego; ademais, Diz é un rapaz do Porriño e esta é a súa primeira película. Digamos que, a partir de todo isto do factor dixital, vai nacer unha nova forma de facer cine, máis independente, sen recorrer, xa de entrada, nin a subvencións nin a unha gran produtora. Esta é unha película que se fixo dunha forma un tanto peculiar, nun réxime de cooperativa, e cremos que era acorde co espírito independente do festival. Doutra parte, o Círculo Recreativo e Cultural do Porriño cumpre cincuenta anos, e imos proxectar alí o film, xa que en Cans as nosas infraestruturas de cortellos cubertos e leiras non dan para estreir unha película longa.

- Hai máis "salas" de proxección que o ano pasado?

-Hainas, si. Dende que comezamos, tiñamos un pequeno atranco, que era como medrar sen perder a nosa esencia. É dicir, para nós era fácil coller dúas grandes carpas e presentar alí as curtametraxes, pero o que decidimos foi buscar ideas para medrar, sen deixar de ser nós. E o que fixemos foi optar por dous espazos maiores: un gran baixo e unha adega, que teñen o dobre de aforo, e facer dúas copias por cada sala, para pasar así a un aforo de cerca de cincocentas persoas.

- Unha das características do festival é a implicación dos veciños, porque sen eles quizais non sería posible...

-Mira, aquí hai dúas claves: os veciños de Cans e a asociación cultural "Arela". Son unha xente moi seria, moi organizada e, como di meu pai, moi educada. Non pertenzo a ela, senón que facemos unha alianza puntual para o festival e, durante tres ou catro meses, curramos moi duro. E logo os veciños, que ao principio non sabían moi ben que era isto. Pero claro, fáise un tinglado destes e entra pola túa adega Miguel de Lira ou Morris ou Ernesto Chao... tipos que che resultan tan familiares, que tiveras antes no salón da túa casa... Pois viron que aquilo tiña certamente credibilidade. Incluso cando veñen os actores, convídanos por alí a tomar algo, e hainos que son xa clásicos do festival. O propio Miguel de Lira, Morris, Camila Bossa, Toñito de Poi... xente que dende o principio se integrou cos veciños.

- Quizais esa sexa outra das razóns da repercusión do festival, o estar tan arroupado por actores tan populares.

-Así é. Este festival non é nin mellor nin peor, simplemente é diferente. A xente pásao "pipa", e uns van traendo aos outros. Grazas a persoas como Morris, Teté Delgado ou o propio Luís Tosar, chegannos de todos os lados, e a xente xa che comeza a dicir que a ver cando a chamas. E nós somos conscientes de que si, que este é un traballo de todos, pero os actores sempre serán moi ben tratados porque son a imaxe do festival, e está moi ben que



RAFA ESTÉVEZ

Alfonso Pato

“O Festival de Cans ten que dar un paso cara á profesionalización”

Co reto de seguir medrando, sen perder a súa esencia, hoxe comeza a terceira edición do Festival de Cans: quizais o máis mediático entre os certames galegos de curtametraxes

NATALIA ÁLVAREZ

vaías e poidas sacar unha foto... e agora cos móbiles xa te imaxinas, todo o mundo nos camiños, "asaltando", para facer fotos...

- Este anodanlle o "Pedigree'06" a Mabel Alonso. Está confirmada a súa asistencia?

-Si, si. Ten un calendario apretado porque Mabel, dende que lle deron o "Goya", está traballando arreo. Está no último film de Milos Forman e tamén no último de Iciar Bollain, pero díxonos que ía estar o venres, seguro. E sempre buscamos premiar a un actor que se caracterice polo compromiso; Mabel é unha persoa sobre a que non cabe ningún xénero

de dúbidas, ademais de ser unha actriz moi recoñecida. E queremos darlle o premio tamén a unha muller.

- Que criterio seguen á hora de elixir as curtametraxes?

-Teñen que ser feitas do 2004 cara a aquí, e buscamos que sexan de xéneros variados. Ademais, sempre procuramos que haxa seleccionadas mulleres directoras. E logo... pois que lle "molen" ao comité de selección, que non sexa todo terror nin todo "coña", porque para cousas disparatadas xa temos o "Jalpón Friki."

- E iso vén ser..?

-Iso é a bomba. Naceu na última edición, a raíz, precisamente, do problema que temos coa falta de aforo. É un espazo de acceso libre, no que se lle da saída a pezas que se quedaran ao borde da selección, cousas que nos facían moita graza, pero que non tiñan quizais tanta calidade como para metelas no programa. O ano pasado foi un exitazo e nesta edición, creo que vai volver selo, porque hai unhas pezas que bordean o absoluto delirio e son moi divertidas.

- Se non é en festivais, é difícil que a xente poida ver curtametraxes. Como cre que se pode resolver este problema?

-Coido que estamos nun momento esperanzador, porque a nova administración parece que vai apoiar as curtas. Pero creo que segue habendo un déficit, que é a distribución e a exhibición. É dicir, se imos facer sesenta curtas e non temos un plano claro para darlles saída, non sei se vai valer de moito facelo. Os festivais cubrimos esa parte deficitaria, pero a administración tamén terá que plantexarse algo para que isto se exhiba e non quede nun caixón; non sei, un plan de distribución e exhibición a partir de circuitos, similar á rede de teatros. Porque, ata o de agora, non vin moita iniciativa dese tipo por parte das institucións, excepto algunha cousa como *Curtas*, un programa para distribuír as curtametraxes nos festivais internacionais, pero se supón que para venda. A todo isto, hai unha cousa importante que recalcar: o festival de Cans non dá premios en metálico, pero comprométese a que a vida da curtametraxe non morra co final do festival. As curtas que gañaron o ano pasado xeráronlle aos seus creadores uns mil espectadores, porque foron proxectadas nun circuito por toda Galiza: no Festival da Poesía do Condado, no Cineclub "Lumière" de Vigo, en Cambados, Noia, A Coruña, Santiago... e o próximo ano, en xuño, o circuito vaise iniciar en "Calle 54", o local de Fernando Trueba, en Madrid. Eu creo que constitúe moita mellor saída para un curtametraxista que vexan o seu traballo mil seiscientas persoas que darlle un premio de 500 ou 600 euros.

- Ten aumentado a calidade das curtametraxes nestes últimos anos?

-No apartado de ficción, noto como aumenta a calidade técnica, pero, e igual me quero capar alguén co que vou dicir, non aumenta moito a calidade das historias. Onde vexo o salto cualitativo, e cuantitativo, máis grande é na animación. Por exemplo, este ano temos seis curtas en Cans, e todas están moi ben. De feito, nós falamos nalgunha ocasión xa de se se abre o festival a cousas que non sexan galegas, tirar polo ámbito da animación, porque no resto do estado e mais en Portugal estanse a facer cousas moi boas. Podería ser un certame ibérico, ou algo que teña que ver co mundo da lusofonía, e relacionado coa animación.

- Ademais desa posible apertura do festival, que outros proxectos teñen para futuras edicións?

-Este festival ten que dar un paso cara á profesionalización. Somos unha mancha de xente que facemos todo isto por amor á arte, e tampouco pode ser así. Temos que buscar alguén, facer unha historia na que nós simplemente xestionemos. Pero tampouco nos gustaría que isto estivese en mans dunha administración, sexa local ou doutro tipo, senón que conserve o carácter independente; queremos que, en realidade, este festival sexa propiedade dos veciños, blindalo nese aspecto. E a partir d' aí, ou déixalo así, e vale, somos un festival moi divertido e que simpáticos somos ou, sen deixarmos de ser simpáticos, medrar cara a unha estrutura máis profesionalizada. Este ano demos un paso moi importante no aspecto de facer unhas actividades paralelas pero, se seguimos medrando, o máis importante é non perder nunca a esencia do que somos.


Memoria e lañas

A luz que nunca estiña, a mirada primixenia que nos conforma e a raíz que entrama resistente e soterrada. Tamén o sangue que nos convoca, os que queremos e quixemos, a memoria que nos esencializa en profundísimas correntes subterráneas, mais tamén en lañas e estigmas que foron cernándonos. Liñas todas elas converxentes nun único punto de fuga: *A luz e as súas cicatrices*, último libro da xornalista e poeta Eva Veiga.

Os que aquí comparecen son os fulgores eumeses da súa nenez. Quen os convoca é a estirpe que se perpetúa, mais tamén a acordanza sensorialista e o relembrado dos devanceiros. Poesía libertaria e cósmica, de indagación do eu e a súa amorosa disolución no outro. Versos de afirmación esperanzada, resolución simbólica e corpo densificado ata o haikiano. Poemas de antinomias existenciais e metaforizacións sorprendentes, un labiríntico despregue

Escura mordedura da luz

ARMANDO REQUEIXO



zan os sólidos muros deste castelo lírico.

Nada fica aquí ao azar. Hai razón fundada para todo: o sangue que nos busca, o leite primeiro e a primavera primeira, mais tamén os mares que habemos navegar e o escuro segredo das aves que nos acompañan. Hai visións e incendios que nos visitan dende antes do Tempo, dende os limos da conciencia.

Eles dan sentido á condición da rosa e a poética do canto. Da morte e a

simbólico no que a luz e os seus reversos, as mans vedoras e os paxaros verbais alicer-

nada, desa cifra secreta ren se teme, porque xa se estivo alá e agora son os trigais das gabias do camiño da vida os que deitan luminarias ante o paso da poeta renacida. O sangue urra luz, demanda infinito enerxía, ser en luzadas imposibles. Porque a tribo acompaña e a súa memoria arreda as sombras todas.

No prólogo (brillante, mais excesivamente religacional para unha poesía que non o é) a este *A luz e as súas cicatrices*, Luz Pozo Garza abríase ante "Tanta paixón. Tanta vitalidade. Tanto amor.", no que entende "Un cántico permanente á Vida e ós seus froitos inmediatamente en sazón despois da flor." Ben certo é que son estes poemas luminosos e que, como escribe Eva Veiga, "contra as probas da destrución" sempre "persiste e emoción no seu ardor". A mesma emoción, esa "escura mordedura da luz", que nos sacode tras a súa lectura.

VEIGA, Eva, *A luz e as súas cicatrices*, Col. Esquílo, Ferrol 2006, 91 páxinas.


Xeira Lugrís

Traxectoria e Biografía

DORINDA CASTRO SOLIÑO

A editorial Galaxia súmase aos actos conmemorativos do "Día das Letras" cun volume dedicado ao autor homenaxeado este ano. Trátase do libro titulado *Lugrís Freire. Unha biografía*, estudo realizado por Xavier Campos Villar (Roís, 1973), licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela -na que se graduou cunha tese de licenciatura sobre a narrativa do propio Lugrís- e que xa publicara, no ano 2000, *A obra narrativa en galego de Lugrís Freire*, ademais de ser autor de diversos artigos sobre a vida e obra do que foi co-fundador e presidente da Academia galega.

Nesta ocasión, Campos Villar preséntanos un libro de 200 páxinas dividido en 16 pequenos capítulos que van desde os primeiros anos na vida do autor sadense, até a data da súa morte en 1940 e os recoñecementos póstumos.



Se ben é certo que é difícil resumir e condensar toda a actividade lugrísiana en poucas páxinas, o autor consegue tecer unha semblanza das súas múltiples facetas: desde a creación dos primeiros xornais, a publicación dos primeiros contos, poemas, artigos de opinión, ensaios, pezas teatrais, e organizador de eventos culturais durante a súa estancia en Cuba cando a illa era un fervedoiro político e cultural, ao seu labor xa de volta en Galicia, como integrante da Liga Gallega, A Cova Céltica, Solidaridad Gallega, As Irmandades da Fala ou a súa faceta como creador de A Escola Rexional de Declamación (fiel á idea de que o teatro era uns instrumento básico para divulgar as ideas), a Asociación de Prensa ou os seus anos como presidente da RAG.

A biografía de Xavier Campos Villar achega ademais apuntamentos sobre a época histórica na que Lugrís trazou a súa traxectoria, as polémicas sobre a concepción do país xurdidas no labor dos pioneiros, e resumos e comentarios sobre a súa obra teatral, poética e narrativa.

O volume complétase cunha bibliografía na que se recollen os libros, artigos e facsímiles de revistas e xornais que aluden directamente a Lugrís Freire.

Unha nova achega, pois para celebrar as Letras e para coñecer a obra de quen tamén se fixo chamar Roque das Mariñas ou Asieumedre.

CAMPOS VILLAR, Xabier, *Lugrís Freire. Unha biografía*, Ed. Galaxia, Vigo, 186 páxinas.

Tempo de Betanzos


Son unha vella cidade; ou non, asegúñase se mire (...) Importante fun eu en tempos, si señor. Non é que hoxe non o sexa, pero xa é outra cousa ben distinta de cando eu era provincia e cidade cabeza do Reino, dese sutil e misterioso Antigo Reino de Galiza".

Con estas palabras comeza, xustamente, *Betanzos na Historia*, o traballo de Xesús Torres Regueiro que vén de publicar Edicións A Nosa Terra e que, en liñas xerais, ben podemos definir como unha emocionada -e emocionante-, ao tempo que rigorosa, viaxe á vella capital galega onde tanto o autor do texto como quen agora escribe estas liñas tivemos a ventura de vir ao mundo.

E escribimos exactamente "emocionada" e "emocionante" porque iso mesmo é o que pretende, e consegue sobradamente, Torres Regueiro no seu volume. Trátase, pois, dun periplo emocionado polas rúas, avenidas, pontes, murallas... da cidade do Mandeo e na cal Torres

Crónica dunha vella cidade

XOSÉ RAMÓN PENA



de louvanza, porque non se traduce, para nada, nunha colección de frases ampulosas -como, infelizmente, acontece con outra clase de escritos "localistas"-, que apenas respiran entre retóricas demodés. Torres Regueiro sabe, perfectamente, combinar o rigor do historiador de hoxe, con metodoloxía plenamente actual, coa capacidade por se encariñar co traballo que leva adiante. O que é máis: precisamente, nesa sólida ensamblaxe é onde reside o apartado que lle acaba de dar cumprida consistencia a Betanzos na historia: estamos diante dun libro que tamén acada a emoción daqueles que non teñen nada que ver, familiar-

Regueiro dá mostra do amor pola historia da súa vila: un amor que nunca pode ser obxecto de crítica, e si

mente ou por educación sentimental, coa urbe brigantina. Lendo as páxinas do volume que comentamos, un non só aprende a historia de Betanzos -vale dicir que unha páxina da historia de Galiza-, senón que tamén accede a un espazo humano, paisaxístico... que apetece de veras coñecer. Porque este reccionista está plenamente convencido de que calquera que acceda á lectura das páxinas que hoxe comentamos desde FARO DA CULTURA ha de sentir o desexo de coñecer Betanzos, de coñecer un pedazo da historia desa vila e de facela, ademais, parte de si mesmo. E velaí a grandeza dunha historia que, partindo do local é quen de atinxir dimensións moito máis delongadas.

Parabéns, pois, a Torres Regueiro e oxalá o seu exemplo sexa espallable para outros moitos lugares do noso país que precisan desa "posta a punto", detallada, ademais, cunha prosa elegante e sinxela que, sen dúbida, chega á razón e ao corazón.

TORRES REGUEIRO, Xesús, *Betanzos na Historia*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2006, 89 páxinas.

LIBROS

Diálogos na néboa

Sabemos que a análise dunha obra de arte, por moi extensa ou intensa que esta sexa, xamais poderá esgotala, pois sempre existen partes dese todo que escapan ao coñecemento e á taxonomía do home. Aínda sabedores desta previa limitación, resulta sumamente interesante o acercamento á obra artística desde distintas perspectivas, pois sempre deitarán luz sobre esas zonas opacas que escapan á nosa comprensión. Por iso, encontramos en falta estudos que aborden a materia literaria combinando o rigor expositivo coa bondade dunha prosa que estexa á altura dos temas abordados, que compaxine a penetración analítica coa amenidade argumental do investigador. Comentar obras como *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*, de Manuel Forcadela (premio de investigación Ramón Piñeiro), resulta, neste sentido, absolutamente gratificante.

De Piñeiro a Cunqueiro

ROMÁN RAÑA

ñeiro publicado na revista Grial, onde lle expón a Álvaro Cunqueiro a súa preocupación polo devir cultural de Europa e, ao mesmo tempo, preconiza as ideas que sustentan a súa posición política e cultural do momento. Fronte ao fascismo, que manipula a historia coa súa enxeñería opresora, Piñeiro opón o galeguismo, como suspensión da historia. Claramente in-

“MERLÍN” DE CUNQUEIRO VIRÍA SER A PLASMACIÓN LITERARIA DO PENSAMENTO PIÑEIRISTA

Para Forcadela, na biografía literaria de Cunqueiro poderían distinguirse cinco períodos que se corresponderían con cinco etapas históricas ben precisas: antes de 1936, un monolingüismo galeguista; entre 1936 e 1947 unha fase fascista, cando escribe na revista *Vértice*; desde 1947 a 1961 prodúcese unha íntima vinculación co grupo de Galaxia e a publicación de case toda a súa produción prosística en galego; a seguinte etapa iría desde 1961, en que acaba sendo director de FARO DE VIGO para, finalmente, chegar aos anos setenta coa súa consolidación como escritor en castelán.

Resulta relevante a análise que Forcadela efectúa sobre a concepción idealista, ahistórica, que Piñeiro defende na súa carta-artigo ao mindoniense. Herdeira da tradición romántica dun Risco e dun Otero Pedrayo, Piñeiro elabora a súa proposta cultural botando man do mito como suspensión da historia, como algo inmanente que perdura a través dos séculos e das xeracións dos homes. Deste modo, segundo o noso crítico, a obra *Merlín e familia* sería a plasmación literaria deste pensamento piñeirista, directamente emparentado coas posicións políticas de Risco (lembramos que o ourensán postulou, durante a ditadura de Primo de Rivera, que o galeguismo non debía ter unha actuación política, senón ser simplemente un movemento de carácter cultural cunha misión meramente didáctica; algo que coincidiría coa orientación de Piñeiro durante o franquismo, ao ser partidario da disolución do Partido Galeguista e dunha intervención exclusivamente cultural, apolítica, nos máis duros momentos da represión franquista).

O estudo crítico de Manuel Forcadela supón un notábel esforzo por situar a Cunqueiro no seu contexto histórico e ideolóxico. O resultado global sitúa este volume nun lugar destacadísimo dos novos enfoques que unha obra tan xenial, plural e esvaradiza como a do mindoniense demanda.

FORCADELA, Manuel, *Diálogos na néboa, Cadernos Ramón Piñeiro (VII)*, Santiago, 2006, 124 páxinas

Enigma e memoria

Nos corredores de sombra

RAMÓN NICOLÁS

Presenta Agustín Fernández Paz a súa última novela baixo un innovador, orixinal e inédito entre nós “como se fixo”, organizado por Edicións Xerais, e co que percorre diversas cidades galegas, nas que o autor vilalbés desvelou ou desvelará boa parte das súas estratexias, do seu modus operandi na composición e artellamento deste *Corredores de sombra*.

Chama a atención, por novidosa, esta presentación tan singular dun libro sobre o que conxecturo a mellor das sortes entre os lectores; entre os lectores tradicionais de Fernández Paz, que os ten e son –somos– lexión, mais tamén entre aqueles que senten, talvez, certo pudor ou certo distanciamento por achegarse á obra dun autor clasificado, para mal ou para ben, dentro diso que se dá en chamar “literatura infantil e/ou xuvenil”. Resulta unha verdade de pé de banco, mais de cando en cando se cadra sempre lembralo, que Fernández Paz é un autor que ben querían ter para si outros sistemas literarios máis ou menos próximos pois a súa aposta pola ideación e realización dunha narrativa digna e de prestixio para o lectorado galego máis novo –no que desenvolveu un máis que apreciable traballo iniciático para a incorporación de milleiros de lectores para as nosas letras que algún día cumprirá recoñecer– non está reñida co feito de que os seus exercicios creativos non poidan ser degustados, e con fruición, por lectores máis adultos. Abofé que este *Corredores de sombra* que nos ocupa é un caso paradigmático do que afirmo.

AUTOR É QUEN DE DEITAR O EMPREGO DUNHA EVIDENTE PLURALIDADE DE TIPOLOXÍAS TEXTUAIS


Esta súa última novela vén pechar, dalgún xeito, o que se deu en chamar xa “a triloxía das sombras”, constituída por *Noite de voraces sombras* (Xerais, 2002) e o relato longo “As sombras do faro”, incluído en *Tres pasos polo misterio* (Xerais, 2004). Ninguén dubida



que entre elas hai certo aire de familia mais teño para min que o título que nos ocupa resulta máis salientable polo esforzo tensional que o domina e mais pola dosificación tan acaída da trama. Unha trama que abala entre a descuberta e resolución dun enigma, neste caso cifrado na personalidade dun cadáver descuberto nun pazo e as causas da súa morte, e ese proceso de ir adquirindo consciencia do propio pasado familiar que proxecta mestas sombras sobre o presente, sombras que en ningún momento aparecen edulcoradas ou eufemisticamente presentadas.

Fernández Paz deita aquí, servíndose desa procura teimuda que a protagonista leva a cabo para solventar incógnitas, razóns, causas..., e que aos poucos a vai introducindo nun mundo no que xa non hai inocencia, o que boa parte de lectores e crítica lle recoñecen dese hai ben tempo con xustiza: o emprego dunha evidente pluralidade de tipoloxías textuais –epístolas, frag-

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *Corredores de sombra*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 220 páxinas



A obra, que se adiviña mínima parte dun corpus moito máis extenso, comeza cun artigo-carta de Ramón Pi-

fluenciado por Henri Bergson, Piñeiro establece, de igual modo, a oposición entre a razón e a intuición, entre a materia e a memoria, entre o determinismo e a liberdade, optando sempre polo segundo termo destas antinomias.

Arriba: "Sinfonia en mar maior". Abaixo, "Homenaxe ós galeóns de Rande".

Herdezas de Lúgrís

CARLOS L. BERNÁRDEZ

Manuel Lúgrís Freire, o escritor homenaxeado este Día das Letras Galegas foi o pai dunha das máis salientábeis figuras das nosas artes plásticas, o pintor Urbano Lúgrís (A Coruña, 1908- Vigo 1973), un dos pintores galegos do século XX cunha obra máis relevante e creador dunha extremada singularidade, dono dun mundo paisaxístico cheo de maxia e inquietante beleza que entronca co onirismo surrealista. O pintor coruñés ten tamén unha forte débeda co mundo literario, un mundo que xorde na primeira etapa formativa e no que o universo pondaliano, no que se movía o seu pai, ocupa un papel moi relevante. Cómpre lembrar que Manuel Lúgrís Freire foi asiduo visitante da *Cova Céltica*, na que Eduardo Pondal era figura central e que o celtismo do poeta de Ponteceso foi crenza indiscutíbel no mundo cultural galego das primeiras décadas do século XX, unha das herdezas máis incontestábeis da cultura galega do Rexurdimento e que o pai de Urbano Lúgrís reflicte en versos de inequívoco xorne pondaliano, como estes do poema "Fragachán": "Altivo e forte castro/ da terra mariñán,/ onde de Lardovedo/ dormindo o corpo está;/ que fala pola noite/ nun enxebre falar,/ que soilo os bos e nobres,/ decote entenderán.../ Queixume vagaroso/ do apreixado pinal...".

Este punto de partida, este ambiente intelectual que se respiraba na súa familia, creo que esta na orixe do universo artístico do pintor e tamén do escritor que foi Urbano Lúgrís, transmutado como poeta e narrador en Ulises Fingal, bardo e navegante, heroe homérico e céltico ao mesmo tempo.

Nos textos literarios e nos diferentes testemuños que nos deixou o pintor, o universo artístico de Urbano Lúgrís- Ulises Fingal é practicamente o mesmo, os propios títulos dos seus cadros poderían ser versos dalgunha das súas composicións literarias. Neste ámbito a súa maior aventura foi a fermosísima revista *Atlántida*, creada n'A Coruña en 1954 e na que colaborou como ilustrador e poeta, compartindo arelas con escritores e artistas como Mariano Tudela, Álvaro Cebreiro, Miguel González Garcés ou Antón Avilés de Taramancos, que sería un dos seus grandes amigos deste tempo.

Algúns dos seus textos desta altura, como *La balada del puerto*, conforman un compendio do seu universo estético con esoutro onírico, poboado de mariños, illas viaxeiras, sal, fragatas e un "litoral de grises coordenadas" que entre soño e sombra é un bo retrato e unha excelente evocación da súa mellor pintura.

Outros exemplos desta ligazón estética entre o pintor e o poeta son textos como *Mensaje a Manuel Antonio*, *Homenaje a Julio Verne*, *Diálogo de pescador y la sirena* ou o moi curioso *Requiem na morte de Picasso* no que evoca a estadia infantil do pintor cubista n'A Coruña nunha lingua formal debedora do neotrobadorismo á que incorpora moitas das referencias características da súa pintura: vilas sulagadas, vagas, sereas, ondas...



Manuel e Urbano



Ulises Fingal

Desde logo, coidamos que si paga a pena reproducir aquí e agora o "Requiem na morte de Picasso" aínda que só sexa polo que supón de curiosa achega do pintor á literatura galega. Din así, os versos: "Hoxe pregunteille ás vagas do Orzán/¿Que tristeza garda voso verde afán?/que ata as areas tan graves están.../Respondeume o vento - ¡Ai, foi un amor/do mar maior!/Do mar maior de Riazaor/con vilas sulagadas e mortas en flor/(E tódolos sinos do fondo do mar/hoxe andan a saloucar, e a chorar)/As sereas calan. Soio canta o mar/O mar, testemuña dun neno andaluz/que tiña nos ollos gardada unha luz./As ondas do Orzán/van, veñen/van..."

A escolla de referentes literarios en Lúgrís é todo menos casual. Verne é a aventura en estado puro, a vontade de abertura a novos mundos desde a ollada do neno que quere voar e navegar, que quere ao tempo ser o Capitán Nemo e viaxar á lúa. Manuel Antonio é naturalmente o poeta navegante cunha actitude que se materializa nun individualismo inconformista e posuidor dun universo mental e dunha actitude evidentemente antiburguesa. Para Urbano Lúgrís o autor de *De catro a catro* é o poeta maior do mar, o "Gran Señor de lo Pazos del Mar"-como di no poema que lle dedica-, para o que navegación é a experiencia vital, a travesía, a singradura, a vida que flúe nun mar que é tránsito, dinamismo da vida e do que todo sae e ao que todo volta, a máis profunda esencia da vida.

Lúgrís é pois un pintor e tamén un escritor do mar e no seu panteón figuraban nun lugar privilexiado escritores como Manuel Antonio, Coleridge ou Jules Verne. O pintor Urbano Lúgrís era tamén o escritor Ulises Fingal, e xuntos navegaban e seguro que seguirán a navegar entre versos e pinturas, entre mariñeiros e sereas á procura dalgunha Atlántida por redescubrir.

INFANTIL/XUVENIL

Corvo, Corvo

A recreación da literatura popular ten en OQO Editora un importantísimo referente: á hora de dar a coñecer versións de diferentes contos espallados por todo o mundo e dende o momento en que presentan as súas edicións cun exquisito coidado que fan moi que atractiva a lectura. Neste caso trátase dun conto tradicional turco que adapta de forma libre Luísa Morandeira seguindo un esquema bastante axustado á fórmula común que aparece en Europa e que pode relacionarse co mito de Androcles e o león -Androcles arríncalle á fera unha espiña cravada na pata e o león agrádecello premian-do o home-. Nesta versión que nos ocupa o corvo é o animal agrádecido e os elementos elixidos forman parte da tradición de Oriente Medio. Así haberá que interpretar que este paxaro, de mal agoiro para algúns pobos, é noutras culturas considerado como símbolo de gratitude, anunciador de triunfos ou mensaxeiro de paz. Logo unha candea, unha vaca, unha moza e unha frauta son os obxectos de intercambio nesa búsqueda da concordia.

Tolerancia e agradecemento

MARÍA NAVARRO



As ilustracións que realiza Maurizio A. C. Quarello baseadas na cor e en suxestivas imaxes veñen a enriquecer un texto rico en contido e en forma: no tocante á temática

MORANDEIRA, Luísa e QUARELLO, Maurizio A. C. *Mister Corvo*, OQO Ed. Pontevedra, 2006, 32 páxinas

presenta elementos de lugares lonxanos pero próximos a nós. Polo que se refire á forma a través da narración relata uns feitos que rematan cuns versos a modo de breve canción e empra, despois da exposición dun novo acontecemento, un esquema repetitivo que asegura a captación da mensaxe.

Vén a ser esta unha forma de educar na tolerancia -o que para nós é ollado como negativo, para outros pode ser todo un símbolo de protección- e no agradecemento -un debe facer o ben de forma desinteresada e o destino dirá-. Aínda que ao lado destes valores considerados como positivos, aparecen outros que poñen de manifesto a vulnerabilidade de determinados individuos: a vella, a revella e a requetevella desoen a voz do corvo e a súa falta de paciencia é castigada co intercambio obrigado dun

obxecto por outro. Toda unha ensinanza para pequenos e maiores!

MORANDEIRA, Luísa e QUARELLO, Maurizio A. C. *Mister Corvo*, OQO Ed. Pontevedra, 2006, 32 páxinas

Cecilia na xanela

Unha xanela para Cecilia, a novela infantil de An Alfaya publicada non hai moito pola editorial Tambre, supón un salto cualitativo e cuantitativo dentro do proceso de adquisición da lectura sobre todo no que atinxe ás dificultades que marcan o paso da literatura puramente infantil á xuvenil. Así poderíamos incluír esta pequena novela dentro dese grupo intermedio entre a primeira e a segunda, que malia semellar estar en terra de ninguén, supón un punto de inflexión importante dentro de todo proceso de formación de lectores competentes e maduros.

A historia que nos presenta é a dunha rapaciña chamada Cecilia obsesionada pola idea de que non ten fiestra no seu cuarto, polo que reflexiona e divaga constantemente sobre as xanelas e as súas diferentes formas e cores. Coñecémola a ela e mais á súa familia cando comeza contar de que maneira perdeu a fiestra do seu cuarto e como a compenrou a súa nai, coñecemos así á súa familia, a súa situación e como pensa Cecilia que vive subordinada aos antollos dos seus irmáns xemelgos. A súa vida mellora e faise máis interesante o día en que unha nova veciña chega ao edificio. Olga, unha fotógrafa que rematará convertida na súa profesora particular mais que ao tempo cumprirá o papel de confidente que fascina de cheo a Cecilia, e será gra-

Da infancia á adolescencia

PAULA FERNÁNDEZ



zas a ela que consiga cumprir o que fora o grande soño do seu avó. A novela rematará do mellor xeito para cada un dos personaxes e como non, Cecilia conseguirá a súa soñada fiestra.

Un argumento sinxelo cun bo número de aspectos temáticos que introducen unha dificultade maior aínda que semellen aparecer entre liñas tales coma a importancia e a fragilidade do emprego, o papel relevante da familia na vida dunha preadolescente, a presenza do problema da especulación no mercado inmobiliario e que agora tan presente está na meirande parte dos concellos galegos e sobre todo a maneira que ten unha meniña de madurar e de ir acoplándose a un mundo que xa non a considera unha nena. Son todos estes aspectos que contribúen con ese paso que vai dende a infancia á adolescencia e que é inevitable en todos os nosos rapaces e rapazas.

Trátase xa que logo dunha novela interesante e madura, á vez que amena e agradable para un público cun certo nivel lector preparado xa para dar ese salto cualitativo no seu camiño de cara á literatura de adultos.

ALFAYA, An, *Unha xanela para Cecilia*, Ed. Tambre, Zaragoza, 2006, 131 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Home sen nome

Suso de Toro
Edicións Xerais. 392 páxinas

Nano, encamado no cuarto dun hospital, acompañada durante dous días a un vello terminal, só, entubado e consumido fisicamente. O vello, un home sen nome, un enigma invadido polas lembranzas, entre o delirio e o soño povocados pola medicación enunciará o monólogo da súa arrepiante biografía centenaria. Unha vida descacougante, condicionada pola perda prematura da nai, a presenza da sombra do seu irmán xemelgo, o seu paso polo Berlín onde emerxía o nazismo, co que axiña simpatizou, o seu protagonismo nas sacas da feroz represión do 36 en Compostela ou a súa participación como vo-

luntorio na División Azul. A visita de Celia, unha guionista moza, obrigará ao vello sen nome a confesar lucidamente, sen rastro de arrepenimento nin remorso, a súa participación en múltiples fusilamentos, torturas e violacións e as súas razóns para facelos. Empregando formas achegadas ao drama, Suso de Toro ofrece a súa obra literaria máis ambiciosa: un relato de ficción intenso e emotivo onde pairan como teón de fondo os acontecements da represión en Galicia durante os días do alzamento e os anos da posguerra. Unha reflexión perturbadora sobre a memoria que deita a mirada dun dos verdugos.



Deirdre

Ana Garzón Sanz

Edicións Toxosoutos. 157 páxinas

Os coñecidos relatos de Perceval e Blanchefleur, Guinevere e Lancelot, Tristán e Isolda comparten un argumento básico: o triángulo amoroso formado por un vello rei que desexa a unha muller bastante máis nova ca el, que non lle corresponde, e a solicitude de ela a un valente cabaleiro para que a axude na súa fuxida, e así evitar unha unión non desexada. Todas estas historias exaltan a xuventude, a liberdade e a honra, pero a dor e a traición tamén están presentes.

A lenda de Deirdre e Naisi é unha das máis belas da literatura irlandesa e posúe todos esos ingredientes, realzados por cada un dos autores que se achegaron a ela con interese erudito e remataron namorados da mesma, decididos a crear cada un deles o que puido ser a verdadeira historia daquela muller celta. O presente volume é o resultado de varios anos de investigación por parte do autor sobre a cultura celta, os seus deuses, os seus mitos e a súa literatura.



Maktub

Alva Martínez Teixeira

Edicións Laiovento. 111 páxinas

Neste ensaio abordase a produción ficcional do escritor brasileiro Raduan Nassar (Pindorama-São Paulo, 1935) por dous motivos fundamentais. O primeiro, de carácter estético, deriva da fascinación que desperta o extraordinario e elaborado discurso deste narrador paulista. O segundo, de carácter técnico-literario, asenta na intención de atopar unha explicación convincente acerca dos motivos do especial deslumbramento que produce a culturada prosa nassariana. O estudo distancíase do feito de que levante máis interese "académico" o vo-

luntario silencio escritural do autor a partir de 1984, do que o seu propio legado literario, breve, máis dunha intensidade impar: o romance *Lavou-ra Arcaica*, a novela *Um Copo de Cólsera* e *Menina a Caminho* e outros textos (onde reúne contos dos anos 60 e 70). Edicións Laiovento tenta con esta publicación favorecer a aproximación á obra dun autor que deu ao mundo o seu silencio e que, a cambio da admiración provocada pola espléndida escrita, dou a súa indiferenza ao afirmar: "Não há criação artística que se compare a uma criação de galinhas".



Hai dous anos, entregounos un excelente *You are the quarry*. Agora, venos compensar de novo co que constitúe o seu oitavo disco de estudo, *Ringleader of the tormentors*: un álbum que, segundo o propio "Moz" constitúe o mellor de toda a súa carreira.

De certo, Steven Patrick Morrissey é, desde xa hai moitos anos, un dos grandes na escena da música británica. Nacido en Davyhulme, -Manchester- "Moz" sempre se sentiu atraído pola literatura, centrándose, de xeito especial, na poesía: Goethe ou Wilde están entre os seus favoritos. Ademais, estamos perante dun apaixonado do cinema e, desde logo, da música pop. Alguén que, en 1982, coñeceu ao guitarrista e compositor Johnny Marr co cal recruta axiña ao baixista Andy Rourke e mais ao batería Mike Joyce, para fundar unha das bandas máis influíntes da historia: The Smiths.

Desde os seus inicios, os Smiths destacaron pola grande expresividade das letras, escritas por Morrissey, moitas ocasións envoltas na polémica. Doutra parte, a música de Marr devolvía ao primeiro plano á guitarra, un instrumento que nos anos 80 perdera forza diante da emerxente corrente techno-pop. A banda baseaba as súas influencias nos grupos rock dos anos 60 e 70, especialmente no rockabilly e no glam-rock. The Smiths editan, a través de Rough Trade Records, o seu primeiro sinxelo, "Hand in Glove", pero serán labores posteriores como a fabulosa "This charming man" ou "What difference does it make" as que xeren un gran número de seguidores. O primeiro disco longo -sen nome- foi gravado en 1984. Nel damos con numerosas referencias á literatura e á cultura pop. Mais son, sen dúbida, os dos álbums posteriores os que marquen a traxectoria: en 1985, *Meat is murder* -"A carne é un asasinato"- inspirou a moita xente a deixar de comer carne. Trátase do único álbum que atinxiría o número un nas listas, e tamén do máis político, no que atacan á administración de Margaret Thatcher e promove o republicanismo. Un ano máis tarde tiran *The Queen is dead*,

Novas esencia de Morrissey

MIGUEL PENA ALONSO

E agora, no 2006, chéganos *Ringleader of the tormentors*...

Estamos diante dun traballo distinto; unha entrega que trata temas clásicos como o sexo, a violencia ou a relixión. Está producido por Tony Visconti, quen asina un labor impecable. O disco gaña cohesión con respecto a *You are the quarry*, a pesar de non contar con hits como "The first of the gang to die" ou "Irish blood, English heart". A axuda de Ennio Morricone faise notar, porque todo o conxunto abrolla máis orquestral, con numerosos efluvios orientais e coros infantís. Trátase dun traballo notable no que "Moz" segue amosando a súa

grande expresividade. Temas como o primeiro sinxelo, "You have killed me" -no que rememora aos cineastas Pasolini e Visconti- "The Youngest was the most loved" ou a fenomenal "The father who must be killed" darán moito que falar, sen dúbida, nos próximos meses.

En fin, Morrissey vén confirmar o seu bo momento na escena musical, a nos marabillar con letras e con sons que moitos terán a oportunidade de disfrutar en España toda vez que "Moz" vai estar presente no próximo festival de Benicàssim: unha cita para non perder!

Antony en Turning

Británico de nacemento, pero asentado desde hai moitos anos nos Estados Unidos; de feito iniciou a súa traxectoria artística actuando nos after-hours de Nova York, non cabe dúbida de que Antony -asina o seu labor como Antony and The Johnsons- vén constituír unha das grandes alegrías que aporta o panorama musical nos últimos tempos.

Acompañado por seis músicos -dous violinistas, un celo, un baixo e un batería- a voz de Antony, para alén de ambigüidades andróxinas, xorde excepcional, intensa, brillante... nunha liña que fai que sexa comparada con esoutra das grandes iconas do soul, como Nina Simone ou Marc Bolan. *I am a bird now*, o seu segundo disco de estudo, que mereceu o premio "Mercury" 2005, veu confirmar a presenza dunhas melodías nas que o artista, a carón dun profundo piano, debulla dez temas emocionantes, máxicos... nos que trata temáticas intensas: a saudade, o amor, o desexo, a perda... Para levar adiante o seu proxecto, Antony contou, ademais, coa colaboración de xentes como Lou Reed -quen realiza a introdución da conmovedora "Fisful of love"-, Devendra Banhart, Rugus Wainwright e, sobre todo, Boy George, alguén que seduciu a Antony desde que este escoitara, máis de vinte anos atrás, o primeiro disco de Culture Club, *Kissing to be Cleber*.

"For Today I am a boy" -a falar de forma natural da propia ambigüidade sexual de Antony-, "My lady store", "Home there's someone" ou a sinxela "You are my sister" conforman un conxunto de temas -íntimos, cercanos ao jazz e mais ao blues- que, desde logo, abrían a un público que se entrega, cada vez máis, ao innegable talento dun artista excepcional.

Agora, Antony (Antony and the Johnsons) está embarcado na presentación en Europa dun novo proxecto: trátase de *Turning*, onde a súa música entra en combinación coas hipnóticas imaxes do videoartista Charles Atlas. Con toda certidume, tampouco desta volta ha de deixar indiferente a ningún.

Líder Moz

a súa mellor obra: unha mestura de elementos sombríos co humor. *The Queen...* vai figurar sempre como un dos mellores traballos da música pop internacional.

Moi cedo xorden, porén, os problemas internos. O desacordo coa disgráfica Rough Trade e, máis tarde, a expulsión de Rourke, por mor das súas relacións coa heroína, marcan a fin da formación. Tan só van gravar xa o que será o álbum derradeiro, *Strangeways, here we come*, un traballo que, a pesar de ser recibido con certa indiferenza pola crítica, resulta ser o favorito da banda.

A partir de aquí, Morrissey inicia a súa carreira en solitario. Desde entón, publicou oito álbums e aínda cinco recopilatorios e tres directos. O seu primeiro, e agardado, sinxelo, foi "Suedehead", que chegou ao número un nas Illas Británicas. Seguiulle "Everyday is like sunday", igual de exitoso, sonado polo vídeo onde aparece unha vexetariana admiradora a pasear polas rúas, sentindo noxo das carnicerías e dos abrigos de peles. Con *Your arsenal* (1992), Morrissey vai ser nomeado para os "Grammy" como mellor álbum alternativo.

